

**RESUMO PROGRAMACIÓN**  
**ECONOMÍA 4º ESO**  
**CPI JOSÉ GARCÍA GARCÍA (MENDE)**  
**CURSO 2020-2021**

## ÍNDICE

1. TEMPORALIZACIÓN.....	3
2. MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA.....	3
3. AVALIACIÓN-SISTEMA DE CUALIFICACIÓN .....	5
4. CRITERIOS DE EVALUACIÓN E NORMAS DE REALIZACIÓN DAS PROBAS .....	6

## 1. TEMPORALIZACIÓN

Bloques de contido		Unidade didáctica	Períodos lectivos
Avaliación I	<b>Bloque I</b>	<b>1. Economía, a ciencia útil</b>	6-8
	Ideas económicas básicas.	<b>2. Producción e crecemento</b>	6-8
	<b>Bloque II</b>	<b>3. Mercados e empresa</b>	8-10
	Economía e empresa	<b>4. A empresa e o seu contexto.</b>	8-10
<b>Repaso</b>	<b>primeiro trimestre: 2 sesións (cine) + 1 (noticia e cuestionario)</b>		
Avaliación II	<b>Bloque III</b>	<b>5. Planificación financeira</b>	8-10
	Economía persoal	<b>6. Saúde financeira</b>	8-10
	<b>Bloque V</b>	<b>7. O diñeiro e as súas formas.</b>	6-8
	Economía e tipos de interese, inflación e desemprego.	<b>8. Producción e prezos</b>	6-8
<b>Repaso</b>	<b>segundo trimestre: 2 sesións (cine)+ 1 (noticia e cuestionario)</b>		
Avaliación III	<b>Bloque V</b>	<b>9. O mercado de traballo</b>	8-10
	Economía e tipos de interese, inflación e desemprego.	<b>10. As contas do Estado</b>	8-10
	<b>Bloque IV</b>	<b>11. O comercio internacional e a UE.</b>	8-10
	Economía e ingresos e gastos do Estado.	<b>12. A globalización e os desequilibrios da economía mundial.</b>	4-6
<b>Repaso</b>	<b>terceiro trimestre: 2 sesións (cine) + 1 (noticia e cuestionario)</b>		

## 2. MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA

### Bloque 1. Ideas económicas básicas

- Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos da economía e comprende que toda elección supón renunciar a outras alternativas, de forma que, toda decisión ten consecuencias.
- Diferencia diversas formas de abordar e resolver problemas económicos e identifica as súas vantaxes e inconvintes, así como as súas limitacións.
- Comprende e utiliza correctamente diferentes termos da área da economía.
- Diferenza entre Economía Positiva e Economía Normativa.
- Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes de relacións económicas da súa contorna.

### Bloque 2. Economía e empresa

- Indica os distintos tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.
- Identifica os diferentes sectores económicos, así como os seus retos e oportunidades.

- Representa as relacións que se establecen entres as economías domésticas e as empresas.
- Indica os distintos tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade e eficiencia e tecnoloxía.
- Distingue as diferentes formas xurídicas das empresas e relacionaas coas esixencias requeridas de capital para a súa constitución e responsabilidades legais para cada tipo.
- Valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso en función das características concretas aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.
- Identifica os diferentes tipos de empresas e empresarios que actúan na súa contorna, así como a forma de interrelacionar co seu ámbito máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.
- Explica as posibilidades de financiamento do día a día das empresas, diferenciando o financiamento externo e interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.

### **Bloque 3. Economía persoal**

- Elabora e realiza un seguimientto a un orzamento ou plan financeiro personalizado, identificando cada un dos ingresos e gastos.
- Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.
- Comprende as necesidades de planificación e de manexo dos asuntos financeiros ao longo da vida. Dita planificación vincúlase á previsión realizada en cada unha das etapas de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.
- Coñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.
- Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento valorando o risco e seleccionando a decisión mais adecuada para cada momento.
- Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento na operativa coas contas bancarias.
- Valora e comproba a necesidade de ler detidamente os documentos que presentan os bancos, así como a importancia da seguridade cando a relación se produce por Internet.
- Recoñece o feito de que se poden negociar as condicións que presentan as entidades financeiras e analiza o procedemento de reclamación ante as mesmas.
- Identifica e explica as distintas modalidades de tarxetas bancarias que existen, así como o esencial da seguridade cando se opera con elas.

### **Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado**

- Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado así como as principais áreas dos gastos do Estado e comenta as súas relacións.
- Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e gastos do Estado.
- Distingue nos diferentes ciclos económicos o comportamento dos ingresos e gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.

- Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se producen entre eles.
- Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución da mesma.

### **Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego**

- Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.
- Explica o funcionamento dos tipos de xuro e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.
- Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de interese, inflación e desemprego.
- Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.
- Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.
- Investiga e reconece ámbitos de oportunidades e tendencias de emprego.

### **Bloque 6. Economía internacional**

- Valora o grao de interconexión das diferentes economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos.
- Explica as razóns que xustifican e inflúen no intercambio económico entre países.
- Coñece e enumera as vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.
- Analiza acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional.
- Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.

## **3. AVALIACIÓN-SISTEMA DE CUALIFICACIÓN**

Todos os estándares teñen o mesmo grao mínimo de consecución (50%).

### **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

A avaliación do proceso de aprendizaxe, é dicir, a avaliación do grao en que os alumnos e alumnas van alcanzando os obxectivos didácticos, pode realizarse a través dunha serie de actividades propostas ao ritmo do desenvolvemento da aprendizaxe de cada unidade, é dicir, a través do control da realización de actividades, a súa corrección en clase ou entrega das mesmas ao profesor, preguntas directas aos alumnos, intervención destes completando parte da explicación ou lembrando contidos xa estudados, etc

A avaliación realizarase considerando os seguintes instrumentos:

#### **Avaliación ordinaria**

- 1) Observación: do traballo individual do alumno, a súa actitude fronte ao traballo en equipo, a posta en común da información solicitada, as súas explicacións e participación en clase ou nas actividades realizadas fóra do centro, os hábitos de traballo, a súa

iniciativa, autoconfianza e interese. Algunhas destas observacións pódense realizar mediante as actividades presentes no libro de texto.

2) Revisión dos traballos dos alumnos, realizados nos seus cadernos ou entregados.

3) As probas de avaliación: nas que se valorarán os coñecementos, grao de comprensión, capacidade de aplicación dos coñecementos a novas situacións e a habilidade para analizar e sintetizar informacións e datos. Estas probas poden ser de diferentes tipos:

- Exercicios onde o alumnado aplique os coñecementos adquiridos en clase. Estes poden ser as actividades ou tarefas corrixidas en clase.
- Presentación de traballos e comentarios de texto.
- Exames escritos.

#### **Avaliación extraordinaria:**

En setembro o exame será de toda a materia facendo especialmente fincapé nos contidos mínimos e ademais o profesor esixirá os traballos non presentados.

## **4. CRITERIOS DE EVALUACIÓN E NORMAS DE REALIZACIÓN DAS PROBAS**

### **a) CRITERIOS DE EVALUACIÓN**

#### **➤ Avaliación ordinaria**

1.- A materia divídese en unidades didácticas.

2.- Cada **unha** / dúas unidades farase unha proba escrita

3.- Despois destas probas escritas poderase facer unha recuperación, se procede.

4.- **A nota da avaliación** configurarase do seguinte xeito:

a) **A nota media de todas as probas escritas** realizadas no correspondente trimestre si todos eles estivesen superados. Esta nota media suporá o 65% da nota de avaliación.

b) **A nota media de todos os traballos realizados** no trimestre sempre que estivesen superados. A nota dos traballos estará formada pola realización do traballo de acordo coas normas dadas polo profesor así como da súa exposición na clase. Terá un peso dun 25% na nota da avaliación. En relación con este apartado cabe sinalar dúas circunstancias:

- De non realizarse traballo algún, este 25% pasará a incrementar a porcentaxe de nota que supoñen as probas escritas (así o valor da nota do exame será dun 90%).

- Se o profesor propuxera algún traballo puntual sobre a estrutura económica de Galicia, sobre prensa económica, ou visita a empresa ou IGE, poderá subir ata 1 punto a nota da avaliación.

c) **A observación do traballo na aula.** Terá un peso do 10% na nota da avaliación e terá en conta a atención as explicacións do profesor, realización das actividades, a participación, etc. en base aos seguintes criterios que se rexistrarán no caderno de aula.

d) Reducirase a nota da avaliación ata un máximo de dous puntos do seguinte xeito:

- 0,10 puntos pola primeira chamada de atención por interromper a explicación do profesor/a (por falar sen permiso, manexar o móbil, levantarse, pasar material, etc.), faltar á clase sen xustificación, falta de puntualidade, etc.
- 0,15 puntos pola segunda chamada de atención (polas mesmas razóns expostas no punto anterior).
- 0,25 puntos pola terceira, a cuarta e a quinta chamada de atención respectivamente, polas causas antes citada ou similares.

5.- **No caso de confinamento**, ante a situación de incertidume que vivimos na actualidade a causa da COVID-19, a cualificación final do alumno dependerá das obtidas en cada un dos instrumentos de avaliación, cualificados cunha puntuación numérica enteira de 0 a 10. O peso de cada un destes apartados na cualificación final será:

- 80% a media (aritmética ou ponderada) das cualificacións das tarefas propostas a través da aula virtual do centro.
- 20% o resto de instrumentos de avaliación (interese e participación,..)

No caso de facerse probas online, as porcentaxes serán:

- 60% a media (aritmética ou ponderada) das cualificacións das tarefas propostas.
- 20% o resto de instrumentos de avaliación (interese e participación,..)
- 20% as probas online, realizadas a través da plataforma de videoconferencia Webex.

6.- **Recuperación dunha ou varias avaliacións non superadas:**

Aquel alumno que teña algunha avaliación suspensa deberá presentarse ao exame final, que versará sobre a materia de cada avaliación e, se procede, presentar os traballos non superados en cada unha das avaliacións pendentes. A nota obtida para recuperar as avaliacións suspensas terá que ser como mínimo un 5.

7.- **A cualificación final** do curso será a nota media das tres avaliacións, redondeando o valor obtido. Para calcular dita media esixirase ter como máximo una avaliación suspensa cunha nota mínima de un 3,5.

### ➤ **Avaliación extraordinaria**

**A proba extraordinaria** de setembro farase sobre a totalidade da materia impartida durante o curso escolar. **O peso na cualificación será do 100%.**

### **b) NORMAS DE REALIZACIÓN DAS PROBAS/EXAMES**

A realización das probas e exames responderá aos seguintes criterios:

- O alumnado acudirá aos exames coa melena recollida, se fora o caso.
- Non poderá presentarse con ningún elemento que impida a visibilidade das orellas a efectos de que o profesor poida ver si están utilizando algún sistema para copiar.

- Tampouco se permitirá o uso doutros aparellos como reloxos, calculadoras, móbiles e calquera outro dispositivo que poida servir para copiar.
- No caso de que o profesor/a observara que algún alumno/a fai uso dalgún sistema para copiar nunha proba ou exame suporá o suspenso automático no dito exame e non se lle realizará o exame de recuperación previsto nesta programación aínda que manterá o dereito á avaliación final.